Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.4. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento do 2017. Expediente núm. 11/2017

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de abril de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 11.922,65 euros, e o informe de reparos emitido con data 17 de abril de 2017 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non estar conformadas no exercicio correspondente.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos cun gasto realizado que se ten que pagar, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicárianse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 11/2017 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2017 por importe de 11.922,65 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NÚM. DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2016/6443	28/12/2016	A15219744	PROMOCIONES ESGA, S.A.	5.869,61
F/2016/6448	28/12/2016	A15219744	PROMOCIONES ESGA, S.A.	6.053,04
			TOTAL	11.922,65 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes ao acreedor relacionado anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 20 de abril de 2017.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que estas facturas se corresponden ao arrendamento dos locais anexos, correspondentes ao primeiro e segundo cuadrimestre do 2016, a “Promociones Esga, S.A.”. O montante é de 11.922,65 euros. Son facturas con reparos, sen efectos suspensivos, xa que se trata de contratos que están en precario, é dicir, non hai contrato.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que dado que non puido facer a súa réplica no anterior punto, e como o concelleiro competente lles vai pasar por escrito as respostas ás súas preguntas, entende que non as saben, porque se para poder dicir que medidas se están adoptando neste momento, ten que informalo e pasalo por escrito.... Non lle están pedindo que lles dea ningunha cantidade nin ningunha porcentaxe, senón simplemente se están tomando algún tipo de medidas para evitar esas reiteradas elevacións a pleno de recoñecementos extraxudiciais, e cre que iso o concelleiro competente o debería de saber. Se non o sabe é que non é competente.

Conclúe dicindo que eses datos que o alcalde lles di que lles vai dar de porcentaxes, como non os ten el, vaillos dar ela. En concreto, máis dun 30% do orzamento municipal estase pagando a través de recoñecementos extraxudiciais de crédito e a través de facturas con reparos, máis do 30%. Por iso lle pregunta cales son eses provedores que o señor alcalde di, presume e anuncia en prensa, aos catro ventos, que cobran no Concello de Cambre a 30 días, porque ela non os coñece.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que dende o seu grupo acostuman a votar en contra de calquera fiscalización de disconformidade, por parte neste caso da Intervención, nas facturas que correspondan a servizos nas que existan defectos, como é este caso, que sexan emendables. Se son facturas emendables deberían, si se pode, emendalas antes de pagalas. Ese é o seu modo de entendelo, ou polo menos iniciar os trámites necesarios para que non veñan fiscalizadas de disconformidade.

Neste caso concreto, existe unha consulta no informe de Intervención sobre se a prórroga dos contratos privados debe ser expresa ou tácita, e ela cre que aí está o quid da cuestión. Neste caso concreto Intervención inclínase cara á opción de non permitir esa prórroga tácita, porque ademais nese caso tamén supón unha elevación, por ser un contrato con opción a compra, supón un posible prexuízo pola revalorización da prórroga tácita. Recomenda Intervención o lóxico, é dicir, tomar unha decisión a ese respecto, ou iniciar un novo procedemento de adxudicación que, sen ver nada máis, parece ser o máis razoable.

Si que lles gustaría que por parte de Intervención ou do concelleiro responsable se lles explicara cales son as medidas ou cal é a opción pola que se inclinan, ou en que parte do proceso de contratación ou de nova adxudicación se atopan con este servizo.



Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de UxC, explica que dende o departamento de Patrimonio xa se están iniciando os trámites para facer unha nova contratación. Non sabe se responde á pregunta da concelleira, pero reitera que están iniciando os trámites, non teñen o prego aínda, pero os técnicos están traballando niso.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que no seu grupo entenden que nun principio o Goberno non tiña tempo, pero agora mesmo xa hai dúas persoas máis no Goberno, así que consideran que teñen que darlle solución a estes problemas cos contratos.

Así pois, vai manter a postura que dende Ciudadanos se vén mantendo ata o de agora ao ter reparos. O seu voto vai ser en contra.

Toma a palabra o señor alcalde e sinala que vai contestar de forma sinxela. A concelleira popular dixo que máis do 30% do orzamento municipal, el non sabe se é o 30% ou o 15%, non o sabe, xa lle dixo que vai ver os datos e vailles pasar os datos exactos, non os que ela di, que non nega que poden ser así, pero tamén é verdade que non é máis nin menos que os que tiña o Partido Popular, ou quizais menos.

Tamén quere aclarar que no punto anterior todas as facturas que se traían, ou ben era porque se trataba de traballos que se fixeron no ano anterior e pasaron a factura neste ano, ou ben porque os servizos do concello informaron dun traballo tarde e por iso se traen este ano. Ou sexa, que hai que acabar con isto, si, xa o dixeron, que si, que están intentándoo. Das que máis traen é de Gas Natural e respecto diso están en contactos con eles para ver, xa non só que non veñan aquí, senón que rebaixen o traballo que lles fai facer aos traballadores municipais por facturas de 60 euros, de 50 euros, que traen un montón delas.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que simplemente unha observación. Falouse de que unha das causas era a falta de persoal que hai no departamento de Servizos Económicos para tratar estes asuntos. Eles o entenden perfectamente, de feito cando eles gobernaron tiveron ese mesmo problema, pero aínda así non se traían, nin por asomo, esta cantidade enorme de recoñecementos extraxudiciais.

Suxeríralle ao señor alcalde que en lugar de contratar ese persoal de confianza que non saben que fai para cobrar os soldos que están cobrando, nin a cualificación que teñen, pois ao mellor estaría ben que utilizasen ese orzamento para contratar a unha persoa que soubese como solucionar este tipo de problemas que repercuten, repite, no orzamento municipal dos veciños de Cambre.

O señor alcalde agradece a súa suxestión, e dille que a cantidade enorme é porque eles non agrupan os expedientes. Quere lembrarlle que o PP si o facía, agrupaban os expedientes, por iso eran moitos menos expedientes, por suposto.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os seis concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.5. Delegación de atribucións polo Pleno na Xunta de Goberno Local para a fixación e modificación das contías dos prezos públicos e privados

Vista a proposta de Alcaldía do día 20 de abril de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Nos municipios con poboación de dereito superior aos 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello, existirá a Xunta de Goberno Local; así regúlase no artigo 20.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O artigo 23 do texto legal mencionado no seu apartado 2 dispón que corresponde á Xunta de Goberno Local: a) A asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións e b) As atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúanlle as leis. No apartado 4 do artigo 22 da Lei 7/1985 establécese que o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no alcalde e na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no apartado 2, parágrafos a, b, c, d, e, f, g, h, i, l e p, e no apartado 3 deste artigo.

Vista a demora na tramitación que para a actividade municipal ocasionaría a fixación e a modificación das contías dos distintos prezos públicos e privados polo Pleno da Corporación, coa finalidade de acadar unha maior rapidez e eficacia na xestión municipal, que redundará en beneficio dos veciños e veciñas de Cambre é polo que a fixación destes prezos públicos e privados debe ser delegada na Xunta de Goberno Local, co fin de ter capacidade de adaptación á realidade e ás necesidades sociais e económicas.

Esta delegación é posible legalmente, pois o artigo 47.1 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLHL), dispón que o establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da Corporación, sen prexuízo das súas facultades de delegación na Comisión de Goberno, consonte ao artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece no seu artigo 51, que o acordo plenario polo que se produza a delegación adoptarase por maioría simple, e xurdirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Estas regras tamén serán de aplicación ás modificacións posteriores do citado acordo. Tamén dispón que o acordo de delegación conterà o ámbito dos asuntos a que a mesma se refira e as facultades concretas que se delegan, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste regulamento.

Neste sentido, o acordo de delegación fará referencia á fixación das contías dos prezos públicos pola realización das actividades culturais, xuvenís, deportivas de verán, extraescolares e calquera outro que se estableza polo Pleno da Corporación. Así mesmo, estenderase aos prezos privados, nos casos nos que as contraprestacións sexan percibidas polo concesionario se a prestación do servizo realízase mediante concesión administrativa.

A Xunta de Goberno Local terá en conta, para a fixación dos mesmos, que o artigo 44.1 do TRLHL dispón que o importe dos prezos públicos deberá cubrir, como mínimo, o custe do servizo prestado ou da actividade realizada. Cabe a posibilidade de que a entidade fixe prezos públicos por debaixo do límite anterior cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, sendo tal o caso que nos ocupa, xa que coas actividades extraescolares, xuvenís, culturais e deportivas de verán, se pretende a consecución do mandato dado aos poderes públicos pola Constitución Española de facilitar a adecuada utilización do ocio (artigo 43.3), promoción e tutela do acceso á cultura (artigo 44) e de promover as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural (artigo 48).

En todo caso, os acordos de fixación das contías dos prezos públicos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se avalíe o grao de cobertura financeira dos custos correspondentes dos servizos financiados. Para a súa determinación tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade pola

prestación ou realización da cal se esixe o prezo público, todo isto con independencia do orzamento ou organismo que o satisfaga.

Igualmente, e de conformidade cos artigos 114 a 118 do Real decreto 2568/86, que regulan o réxime xeral das delegacións, o acordo fará referencia ao órgano competente para a resolución dos recursos que puideran interpoñerse contra os actos dictados polo órgano delegado.

Por todo isto, propónse:

Primeiro: De conformidade co establecido no artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, delegar na Xunta de Goberno Local a fixación das contías dos prezos públicos esixibles na realización das actividades culturais, actividades extraescolares, actividades xuvenís, actividades deportivas de verán, ou calquera outro que se estableza polo Pleno desta Corporación, así como a modificación dos prezos privados nos casos de concesión administrativa e a resolución de recursos que poidan formularse no exercicio das atribucións delegadas, das que, unha vez fixadas se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, para o seu coñecemento.

Segundo: De conformidade co artigo 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a delegación autorizada enténdese outorgada por termo indefinido.

Terceiro. Publicar os anteriores acordos no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao órgano destinatario da delegación, segundo o previsto nos artigos 51 e 114 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, advertindo que se entenderá aceptada tacitamente dita delegación se, no termo de tres días contados desde a notificación deste acordo o órgano destinatario da mesma non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación, todo iso de conformidade co artigo 114 do R.O.F..”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 20 de abril de 2017.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que a proposta consiste en delegar na Xunta de Goberno Local a competencia de fixar o prezo das taxas públicas e privadas, logo do paso polas Comisións Informativas, todo isto para unha maior eficacia e rapidez. Trátase dunha solicitude que lles fixeron os técnicos municipais, e por iso a traen.

Concedida a palabra a don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, expón que se inclúe na proposta de Alcaldía a delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local, isto é, a delegación de competencias por parte do órgano que ten a representación da vontade popular, para que esas competencias sexan exercidas por un órgano que está formado exclusivamente polos membros do equipo de goberno.

De aí que, dende o seu punto de vista, agás que existan poderosas razóns que así o xustifiquen, e que se motive debidamente a importancia e os beneficios da delegación, raro será que os grupos que forman parte do Pleno, pero non da Xunta de Goberno Local, acepten perder esa capacidade de decidir sobre os asuntos aos que teñen dereito.

Razóns, motivos e xustificacións que entenden, despois de ter escoitado as propostas que lles fixeron tanto nas comisións informativas como agora mesmo polo concelleiro competente, non existen. Non se dan, non se deron nas comisións informativas nin moito menos se deron agora cunha breve lectura de dúas frases.

Continúa dicindo que se trata de motivar a proposta que se presenta na que se di literalmente “Vista a demora na tramitación que para a actividade municipal ocasionaría a fixación e a modificación das

contías dos distintos prezos públicos e privados polo Pleno da Corporación, ...”, pregunta que como que ocasionaría, ocasiona, ese foi o procedemento que sempre se ten utilizado para a aprobación dos prezos públicos e privados e das taxas.

Fálase na proposta de acadar con iso unha maior rapidez e eficacia na xestión municipal que redundará en beneficio dos veciños de Cambre. Eles non ven tampouco esa xustificación dunha maior rapidez e eficacia, cando as actividades ás que se refiren esas taxas ou eses prezos públicos son de previsión absolutamente recoñecida, non xorden da noite á mañá, nin impiden que nun municipio como o de Cambre, onde se celebran plenos ordinarios todos os meses, existan imperiosas e urxentes razóns que impidan agardar 30 días para a celebración dun pleno.

Iso obrígaos a preguntarse cales son os motivos de traer a pleno unha transmisión, unha delegación de competencias que a propia Lei reguladora das bases do réxime local atribúe ao Pleno, para que sexan exercidas por un órgano do que non forman parte todos os membros da Corporación.

A resposta a atopan nas propias actas da xunta de goberno local, porque é apabullante a parquedade dos asuntos que se tratan nas xuntas de goberno, e lembra que hai membros do equipo de goberno que só cobran por asistencia aos ditos órganos, de aí que cantos máis asuntos deban ser tratados pola xunta de goberno local, máis necesidade haberá de celebrar xuntas, asegurando así as retribucións daqueles concelleiros que só cobran por asistencias a eses órganos.

Expón que non hai máis que ver as datas nas que se celebran as xuntas de goberno local para darse conta de que cando nun mes non chegaron ao mínimo de catro, cinco ou seis xuntas de goberno local, hai veces que cunha periodicidade de dous, tres días, se convocan dúas xuntas. Pregunta se non se pode celebrar unha única xunta e tratar todos os asuntos nunha. Di que non, que hai que dividilas en dúas xuntas, dúas sesións que poderían ter sido celebradas nunha única sesión.

Lembra a ese respecto novamente ao señor alcalde, e aos membros do equipo de goberno, que o seu costume nesta lexislatura é o de facer todo aquilo que tanto criticaron cando estaban na oposición, pero neste caso corrixido e aumentado. Dille ao señor alcalde que se lembre das críticas ao único membro do Goberno de Manuel Rivas que cobraba por asistencia aos ditos órganos, criterio que o actual alcalde non só ten ratificado, senón que o ten duplicado. Confirmou e duplicou ese criterio.

Considera que esta proposta de delegación de atribucións enmárcase na política que o equipo de goberno está levando a cabo nestes últimos meses, na que lembra que ten modificado o Regulamento orgánico municipal para restrinxir a participación do resto dos grupos da oposición no pleno municipal, eludindo os debates e impedindo que se exerza como se viña exercendo con anterioridade. Ou rescatando o xornal municipal, que lles lembra outros tempos xa felizmente superados neste municipio, co que se están utilizando fondos públicos para autopromover descaradamente as bondades do Goberno municipal.

Conclúe dicindo que son razóns todas elas que xustifican o voto en contra do Grupo Municipal Popular á proposta de Alcaldía de delegar as funcións do pleno no que se refire á fixación e modificación das contías dos prezos públicos e privados.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que, sen que sirva de precedente, coincide en moitas cousas co seu predecesor na palabra.

Que algo se suxeite á legalidade e teña soporte xurídico suficiente non significa que teña que ser apropiado. Realmente dende Asemblea Cidadá de Cambre tampouco chegan a comprender que estean debatendo este tema do xeito no que o están facendo. Non lles convence a motivación pola que se

xustifica a delegación dunha competencia do Pleno na Xunta de Goberno Local baixo o pretexto, ao seu modo de ver, da axilidade administrativa. Non lembra nos anos que leva vinculada coa política municipal deste concello, ningún pleno extraordinario que tivera que ser celebrado para fixar algún prezo público ou privado.

Se lle dixeran que teñen dous plenos ao ano, podería entender a necesidade de delegación, pero tendo en conta que entre un pleno e o seguinte, no peor dos casos, van 20 días laborables, non acada a comprender a necesidade de arrebatarlle unha competencia ao Pleno da Corporación.

Resulta que claro, o Goberno propón que unha competencia do Pleno, pase a un órgano no que, como dicía o Sr. Abalo Castex, ningún dos membros da oposición está, nin se lle agarda. Quere dicir con isto que se lles solicita que algo que ten que ser aprobado pola maioría dos representantes dos cidadáns, o pase a aprobar un órgano no que unicamente están os membros do Goberno.

Eles iso o entenden como un roubo de competencias, se teñen en conta que o equipo de goberno ten unha maioría absoluta. Tendo esa maioría absoluta poderán aprobar os prezos públicos e privados en Pleno sen necesidade de traspasar esa competencia do Pleno á Xunta de Goberno Local, non van ter ningún tipo de problema en aprobalo estando como está a día de hoxe, con independencia do que voten na oposición. Pero, claro, a salvidade sería que coa delegación se lle daría conta ao Pleno, pero simplemente sería dar conta, non terían posibilidade nin sequera de debatelo.

O que pretenden neste caso, con esa proposta, é que o equipo de goberno, en xunta de goberno local, sexa o que decida por todo o Pleno. Tamén é certo que sinceramente non lle parece desacertada a hipótese do Sr. Abalo Castex de que pode obedecer á necesidade de engordar unha nómina dalgún membro da xunta de goberno local que non teña dedicación exclusiva no Goberno. Que o diga o PP, ademais, hai que ter moito ollo, porque son expertos en engordar nóminas de concelleiros. En xunta de goberno local lembran o caso do Sr. Marante, entón, coidado, se o din eles, algo será, son expertos nestas cousas.

Tamén é certo que o único que lles queda é o dereito á pateadura, porque o Goberno esta delegación de competencias, se quere, vai aprobala, si ou si, diga a oposición o que diga, e por iso dicía ela ao principio o de que o feito de que algo sexa legal, non necesariamente ten porque ser xusto. Non debería permitirse, iso si que xa é algo superior á súa competencia, por lei non debería permitirse que se delegasen as atribucións dun órgano como é o pleno, a un órgano como é unha xunta de goberno local, non se debería permitir, pero ben, certo é que se permite. Se esa é unha competencia do pleno, debe ser unha competencia deles, non se debería quitar a golpe de maioría.

Conclúe dicindo que como o único que teñen é o dereito á pateadura, si que pediría que para posteriores ocasións se pensen un pouco máis a modificación das competencias que teñen cada un dos órganos, que lles outorgan entidades superiores ao que pode ser este humilde Pleno de Corporación.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que delegar este asunto na Xunta de Goberno Local non lles parece unha necesidade, cren que debe ser unha función do Pleno, xa máis que nada por unha cuestión de transparencia, aínda que saben que o equipo de goberno ten maioría absoluta.

Conclúe dicindo que no seu grupo non teñen clara cal é a pretensión desta proposta, polo tanto, o seu voto vai ser en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso

e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os seis concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.6. Aprobación, se procede, do anteproxecto "Reforma do local municipal de Santa María de Vigo - Cambre"

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio do día 11 de abril de 2017, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de abril de 2017, coa corrección do punto primeiro dos acordos, onde se substitúe a palabra "proxecto" por "anteproxecto", sométese a debate e votación a proposta ditaminada tal e como se transcribe a continuación:

"Logo de ver a Resolución de 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural AGADER do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), publicada no DOG número 12 de 18 de xaneiro de 2017.

Visto que, con data 29 de marzo de 2017, o coordinador de Cultura e Educación propuxo ao concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio incluír a reforma do local municipal de Santa María de Vigo entre as obras que o Concello de Cambre prevía solicitar segundo as bases reguladoras das axudas que se tramitan ao abeiro da medida Leader (Submedidas 19.2 e 19.4) cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), publicada no DOG número 12 de 18 de xaneiro de 2017.

Logo de ver que, con data 30 de marzo de 2017, o arquitecto municipal elaborou o anteproxecto para a "Reforma do local municipal de Santa María de Vigo" por un importe total de 22.247,42 €.

Visto que o concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio ditou a resolución número 515/2017 de data 30 de marzo de 2017 mediante a que se solicita unha subvención ao abeiro da medida Leader por importe total de 54.172,28 €, para a reforma do local municipal de Lendoiro, na parroquia de Cecebre por importe de 31.924,86 € e para a reforma do local municipal de Santa María de Vigo 22.247,42 €.

En base ao anterior elévase ao Pleno, para a súa aprobación, se procede, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar o anteproxecto denominado "Reforma do local municipal de Santa María de Vigo" redactado polo arquitecto municipal cun orzamento total de 22.247,42 €.

Segundo: Notificar aos interesados para os efectos oportunos."

Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de UxC, explica que o 18 de xaneiro de 2017 convocáronse as axudas da medida Leader, xestionada pola entidade GDR As Mariñas-Betanzos, á que pertence o Concello de Cambre. Dentro desas liñas de axuda pedíronse dúas subvencións, unha para o local de Sta. M^a de Vigo e outra para o de Lendoiro, xa que por primeira vez vai incluída nesas axudas a reforma de locais sociais. O importe pode chegar ata o 70% da obra, do proxecto de reforma, cun límite máximo de 50.000 euros.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que el xa o preguntou nas comisións informativas. Loxicamente este é un anteproxecto, e está moi ben que teñan anteproxectos na carteira para facer todas as obras e todas as reformas que queiran facer. El preguntou de onde proviñan as axudas, se lle contestou que dos fondos do GDR, as axudas do programa Leader. Tamén preguntou se xa teñen pensado cal vai ser o uso dos locais que se van a reformar. Dixéronlle que de momento non.

O Grupo Municipal Popular sabe o que son as axudas, saben cando se piden, que hai que ter os anteproxectos preparados para poder solicitalas. Non van impedir que isto se faga, pero ao non ter un destino e empregar fondos do concello, loxicamente tampouco o poden aprobar. Polo tanto, van absterse en ambas aprobacións dos anteproxectos.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que parece claro que non se van destinar a unha piscifactoría. Con iso quere dicir que cre que está fóra de toda dúbida a natureza deses dous edificios. Hai, e o di con total e absoluta cordialidade, un documento asinado por el mesmo, como concelleiro de Cultura, no que dalgunha maneira se motiva que este anteproxecto vaia para adiante. Cre que é unha acción positiva para o concello, onde participan coordinadamente diversos departamentos, e o que si que teñen claro é que así é como debe de funcionar o concello, presentando, preparando, tendo total e absolutamente listos anteproxectos como estes para concorrer ás subvencións, e si que teñen claro, loxicamente, por onde vai ir o uso desas dúas instalacións.

Seguramente se chegaran aquí dicindo que isto vai ser para iso, e aquilo para o outro, igual o voceiro do PP, e non sen razón, lles recriminaba que non se tivera consultado co conxunto do pleno ou nas comisións, ou na xunta de voceiros, en fin, consensuadamente, cal ía ser o uso desas instalacións. Cando chegue o momento procedimental oportuno no ánimo do Goberno está facelo, pero o importante e substancial é que a presentación e realización deses anteproxectos son positivos para Cambre, e amosan unha administración local que funciona e que cumpre cos seus deberes. Por todo iso, dende o BNG, loxicamente, vanlle dar para adiante.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que consideran que estas son reformas necesarias. Ciudadanos nas comisións abstívose, pero facendo memoria e lembrando conversas que tiveron coa concelleira que leva o tema das asociacións, lembraron que lles comentou moitas veces as necesidades que había neste tipo de locais, todas as deficiencias que había, e que era moi necesario que se levaran a cabo reformas en moitos locais que son para uso e disfrute dos veciños.

Por iso, recapacitaron. Cren que é necesario que estas reformas se fagan canto antes, porque son para os veciños, e o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que el non entende a que vén o da piscifactoría, el simplemente fixo un comentario. Seguramente o Sr. González Leirós, que é o concelleiro de Urbanismo non lles daría a licenza para montar iso, o Sr. Carballada parece que o toma por parvo, pero el sabe o que di, e sabe que é bo reformar eses locais, por iso non se van opoñer. Simplemente vanse abster porque non saben a que os van dedicar, e preguntárono nas comisións.

Reitera que non se van opoñer, vanse abster, porque saben que é bo ter anteproxectos, pero o anteproxecto é hoxe, e se lles dan a subvención terán que poñer o 30% de fondos do concello, que dalgún sitio os terán que sacar. Estas obras non estaban previstas nos orzamentos, por iso terán que facer un trasvasamento dun sitio a outro para poñer ese 30%, e por iso o Grupo Popular se vai abster ata ter asegurada a subvención e saber que os proxectos se van destinar a un uso determinado.

Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso manifesta que el entende o sentido do que di o Sr. Rivas, pero non entende a conclusión, é dicir, ten uns argumentos que levan a unha conclusión dun si. O uso, todos saben a carencia que hai de locais sociais no concello, e ese uso está garantido, absolutamente garantido nos dous locais. Non poden dicir agora quen o vai usar, pero a oposición sabe, como o sabe o Goberno, que os locais son necesarios, e el, se suma dous máis dous, dálle catro, non lle dá cinco. Por iso lle di, con todo o respecto, que os argumentos que lle dá é que son necesarios, pero vota abstención, non o entende. En todo caso respecta a consideración do voceiro do PP.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que el tamén entende ao señor concelleiro de Turismo, e o seu voto é que hai necesidade de reformar eses locais, pero o que lle está dicindo é que el nas comisións preguntou se sabían a que os van dedicar, e responderon que de momento non. Preguntou se eran conscientes de que tiñan que poñer o 30% dos proxectos enriba da mesa, contestaron que si. Preguntou se sabían de onde sacar o diñeiro, e o concelleiro vaille dicir que non.

Di que por iso el non quere poñer trabas en que a votación do anteproxecto saia adiante, para que poidan pedir a subvención, despois xa terán tempo para discutir, terán tempo. El non se vai opoñer a que tiren cos proxectos para adiante, pero teñen que ter precaución, porque ao mellor obteñen a subvención e resulta que non o poden facer.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que dan por finalizado o tema, o PP non se opón, pero non votan a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.7. Aprobación, se procede, do anteproxecto "Reforma do local municipal de Lendoiro - Cambre"

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio do día 11 de abril de 2017, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de abril de 2017, coa corrección do punto primeiro dos acordos, onde se substitúe a palabra "proxecto" por "anteproxecto", sométese a debate e votación a proposta ditaminada tal e como se transcribe a continuación:

"Logo de ver a Resolución de 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural AGADER do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), publicada no DOG número 12 de 18 de xaneiro de 2017.

Visto que, con data 29 de marzo de 2017, o coordinador de Cultura e Educación propuxo ao concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio incluír a reforma do local municipal de Lendoiro - Cambre entre as obras que o Concello de Cambre preveía solicitar segundo as bases reguladoras das axudas que se tramitan ao abeiro da medida Leader (Submedidas 19.2 e 19.4) cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), publicada no DOG número 12 de 18 de Xaneiro de 2017.

Logo de ver que, con data 30 de marzo de 2017, o arquitecto municipal elaborou o anteproxecto para a “Reforma do local municipal de Lendoiro - Cambre” por un importe total de 31.924,86 €.

Logo de ver que o concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio ditou a resolución número 515/2017 de data 30 de marzo de 2017 mediante a que se solicita unha subvención ao abeiro da medida Leader por importe total de 54.172,28 €, para a reforma do local municipal de Lendoiro, na parroquia de Cecebre por importe de 31.924,86 € e para a reforma do local municipal de Santa María de Vigo 22.247,42 €.

En base ao anterior elévase ao Pleno, para a súa aprobación, se procede, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar o anteproxecto denominado “Reforma do local municipal de Lendoiro - Cambre” redactado polo arquitecto municipal cun orzamento total de 31.924,86 €.

Segundo: Notificar aos interesados para os efectos oportunos.”

Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de UxC, explica que están no mesmo caso que o anterior, é dicir, é un anteproxecto da medida Leader, xestionado polo GDR As Mariñas-Betanzos, e a explicación é a mesma que no caso anterior.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que, como a explicación é a mesma que no caso anterior, a súa posición tamén é a mesma.

Toma a palabra o señor alcalde para sinalar que como o Grupo Popular dixo moitas veces, é distinto estar na oposición que estar gobernando, e recoñécelles que é así, é a verdade e é obvio. O PP aprobou un proxecto cando estaba gobernando que era un local sen uso, directamente o título do local era aprobación do proxecto para un local sen uso, e aprobárono. Agora estalles dicindo que o uso é para as asociacións, para ese uso, pero ben, están no seu dereito de absterse, só faltaría.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad sinala que el preguntou se sabían que destino ían ter. El sospeita o destino que van ter, que é o seu uso polas asociacións de veciños con sede en Sta. M^a de Vigo e con sede en Cecebre, que é a súa parroquia, polo que poden ver o seu interese en que se faga o proxecto.

Tamén preguntou se tiñan a partida orzamentaria, e ninguén lle contestou. Se lle tiveran dito que si, que tiñan previsto ter a partida orzamentaria e que a ían a dedicar a tal cousa, el hoxe tería levantado a man o primeiro, pero non lle contestaron.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que con total cordialidade llo di ao Sr. Rivas, e antes pode ser que se explicara mal, o que quere transmitir con total e absoluta transparencia e contundencia é que se non obra, na documentación que se lles remitiu, pois dende logo el persoalmente procurará facérllela chegar o máis axiña posible, non hai efectivamente, como di o Sr. Rivas, un uso definido con nome e apelidos, pero si hai nesa documentación un escrito de motivación por parte da Concellería de Cultura onde se fai un breve repaso, de maneira somera e sucinta, á situación do tecido asociativo, ás necesidades poboacionais, á perentoriedade de ter un espazo para determinadas actividades, e un pouco se encamiña claramente nese mundo, nese ámbito do activismo cultural, asociativo, de parroquia, tanto para Sta. M^a de Vigo como para Cecebre.

Se iso ten un nome no sentido de que vaia ser, por dicir algo e pide que lle entendan como o di, un aula de teatro ou unha sala polivalente de actividades físicas, pois a día de hoxe efectivamente non se sabe, pero si está perfectamente encamiñado e motivado no anteproxecto cal vai ser un pouco o uso, por onde van ir os tiros, enténdase a expresión, da utilización de ambos locais con posterioridade á súa reforma.

E respecto da pregunta de se hai ou non hai unha consignación orzamentaria determinada para afrontar a hipotética concesión desa subvención. Loxicamente quizais neste momento, con nome e apelidos, tampouco hai, pero entende que está no ánimo do Goberno municipal buscar os procedementos apropiados para chegado o momento prover de fondos a dita actuación, dito da maneira máis honesta.

Conclúe dicindo que el de verdade cre que ben podía o PP votar a prol.

Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso manifesta que efectivamente está suficientemente motivada. El o que non lles pode contestar á súa pregunta é se está destinado a algunha asociación. Dilles que a asociación que o solicite terá que facelo da maneira legal, terá que solicitalo e dende o concello procederase nese sentido. Pero a idea xeral está explicada na motivación.

Respecto do que dicía o Sr. Rivas de prover fondos, dille que claro, que esta é unha subvención que saíu en xaneiro, é nova, porque por primeira vez inclúe arranxo de locais sociais, e precisamente antes de pedir a subvención no concello teñen un departamento que se chama Intervención a quen se lle pregunta se hai a posibilidade de pedir iso, se poderían afrontalo. Dinlles que si e eles adiante.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.8. Corrección de erros da proposta aprobada polo Pleno municipal o 30 de marzo de 2017 de aprobación do proxecto “Mellora na eficiencia enerxética mediante led da casa consistorial e outros edificios municipais”

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 11 de abril de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do mes de marzo de 2017, aprobouse o proxecto denominado “Mellora na eficiencia enerxética mediante LED da Casa Consistorial e outros edificios municipais”.

Debido a un erro material, na alínea primeira da parte resolutiva figura que se aproba o proxecto “Mellora na eficiencia enerxética mediante LED da Casa Consistorial e outros edificios municipais”, redactado polo “enxeñeiro técnico municipal, don Ignacio Fernández Díaz”, cun importe total de 43.088,29 (IVE engadido), cando debería figurar “redactado polo enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muíño”.

Visto o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, respecto de que “as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Con base no anterior, propónse ao Pleno municipal a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS** a adoptar:

Primeiro: Rectificar o erro material detectado na alínea primeira da parte resolutiva da proposta aprobada polo Pleno municipal na súa sesión ordinaria do 30 de marzo de 2017, relativa ao proxecto de “Mellora na eficiencia enerxética mediante led da Casa Consistorial e outros edificios municipais”, isto de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, quedando redactada do teor literal seguinte:

***Primeiro:** Aprobar o proxecto denominado “Mellora na eficiencia enerxética mediante led da Casa Consistorial e outros edificios municipais”, redactado polo enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muíño, cun importe total de 43.088,29 (IVE engadido).*

Segundo: Notificar o presente acordo ao departamento de Secretaría-Contratación e á Sección de Servizos para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de abril de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, expón que tal e como di a proposta, o proxecto xa foi aprobado. O que se trae aquí é unha modificación no proxecto presentado consistente en cambiar o nome do enxeñeiro técnico municipal, don Ignacio Fernández Díaz, polo do redactor, o xefe de Sección, don Óscar Souto Muíño. Foi un erro que se colou no expediente, onde puxeron a un cando debía figurar o outro. Esa é a modificación que se trae a pleno.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo votou abstención cando se trouxeron estes proxectos a pleno, polo que loxicamente agora van seguir votando abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.9. Corrección de erros da proposta aprobada polo Pleno municipal o 30 de marzo de 2017 de aprobación do proxecto “Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre”

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 11 de abril de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Polo Pleno da Corporación, na súa sesión ordinaria do mes de marzo de 2017, aprobouse o proxecto denominado “Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre”.

Debido a un erro material, na alínea primeira da parte resolutiva figura que se aproba o proxecto “Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Sta. M^a de Cambre”, cun orzamento total de 54.606,97 €, IVE engadido, redactado polo “enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño”, cando debería figurar “redactado pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë”.

Visto o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, respecto de que “as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Con base no anterior, propónse ao Pleno municipal a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS** a adoptar:

Primeiro: Rectificar o erro material detectado na alínea primeira da parte resolutiva da proposta aprobada polo Pleno municipal na súa sesión ordinaria do 30 de marzo de 2017, relativa ao proxecto de “Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre”, isto de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, quedando redactada do teor literal seguinte:

***Primeiro:** Aprobar o proxecto “Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre”, cun orzamento total de 54.606,97 €, IVE engadido, redactado polo enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë.*

Segundo: Notificar o presente acordo ao departamento de Secretaría-Contratación e á Sección de Servizos para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de abril de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, expón que é exactamente o mesmo que no caso anterior, só que doutro proxecto. Modifícase a referencia ao xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño, polo nome da redactora, que foi a enxeñeira técnica de obras públicas, dona Elena Bartolomé Delanoë.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.10. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo Grupo Mixto (C's), respecto da seguridade viaria na estrada DP-1706. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do GM (C's) respecto da seguridade viaria na estrada DP-1706

Foi rexistrada de entrada ao núm. 999/093 o día 21 de abril de 2017, xunto coa outra moción presentada para este pleno.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que, se lle permiten, antes de dar lectura á moción quería pedir desculpas a todos os grupos porque cometeron dous erros bastante graves no texto de ambas mocións. O texto do acordo é outro, que despois presentaron por rexistro, e o resto de concelleiros tiveron a ben aceptar esa corrección de erros. Tamén na segunda moción había un erro na primeira frase, cando a lea tamén o dirá.

Así pois, a voceira do GM (C's) dá lectura á moción, coa inclusión da corrección rexistrada de entrada ao núm. 999/100 o día 21 de abril de 2017, quedando redactada do seguinte teor literal:

“Unha das arterias principais desta vila é, sen lugar a dúbidas, a estrada DP-1706 da Deputación que entre outros puntos conecta O Temple co centro do concello.

Pero dende tempos inmemoriais, a dita estrada carece dunha marxe esquerda, no sentido de saída do Concello dirección A Coruña, de beirarrúa para o uso e desfrute da cidadanía desta vila, ata un pouco máis adiante da Barcala.

Ata agora, ninguén puxo mans á obra para prover aos cidadáns de Cambre dunha seguridade viaria como se merecen ademais de enriquecer visualmente a arteria principal deste concello.

Por todo o exposto, solicitamos desta Corporación, o seu apoio para a aprobación desta proposta que o grupo de Ciudadanos-Cambre considera moi importante, tanto en seguridade viaria como na boa imaxe que as persoas que nos visitan, poderán percibir dunha vila tan señorial como é esta a nosa vila de Cambre.

Acordo:

Que o Goberno local se comprometa a dar trámite á Administración que corresponda, para a consecución do obxectivo que se está formulando.”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que se alegra moito de que Ciudadanos, despois de dous anos de estar aquí, se dea conta de que fai falta unha beirarrúa no lado esquerdo da estrada que baixa de Cambre ata chegar á Barcala. A verdade é que son un pouco

neglixentes o resto dos partidos políticos que non se deron conta diso ata o de agora, polo tanto a alegría e dobre, darse conta todos de que fai falta unha beirarrúa nese treito.

Di que ben, neste punto, queda claro que a posición de todos os partidos aquí presentes, de todos, insiste, sempre foi esa habilitación, pero entendeuse que había outros problemas. Por unha parte hai unha beirarrúa polo lado dereito feita e, por outra, a estrada pertence a unha administración distinta do concello. Pero quere deixar claro que todos os partidos políticos, non UxC, todos aquí reivindicaron esas beirarrúas.

Do que tamén son conscientes é de que os orzamentos, nunha franxa de terreo cunha topografía absolutamente impertinente, dado que ten unhas caídas bastante imposibles, ten unhas cantidades e unhas calidades que non fan fácil esa actuación.

Se a intención da moción é dicir que algún día haberá que facer ese tipo de beirarrúas, por suposto que van votar positivamente, agora, parécelles que este tipo de mocións teñen que vir un pouco máis avaliadas e teñen que vir un pouco máis contidas, senón terán que empezar a votar negativamente, porque realmente a exposición é unha exposición que adoece bastante de xustificación.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que, antes de entrar no fondo que acaba de explicar o Sr. Leirós, vai referirse á forma, porque isto non é unha moción, isto é un rogo. Polo tanto, non sabe por que teñen que intervir o resto dos grupos cando o acordo é que o Goberno local se comprometa. Ela non pode votar para que o Goberno local se comprometa se ao Goberno local non lle dá a gana de comprometerse. Así que non sabe se neste caso o vai solucionar o equipo de goberno, se vai falar a secretaria, ou se van modificar a proposta, non o sabe, pero isto non é unha moción, é un rogo de Ciudadanos para que o Goberno se comprometa. Reitera que non sabe en que punto interveñen o resto dos grupos.

Por outra parte, pareceríalle moi ben que o fixeran, pero isto non é unha moción. Iso por fixar un pouco as regras do xogo e por respectar un pouco o tan querido por todos eles, Regulamento orgánico municipal. Isto non é unha moción dende o seu punto de vista.

Se teñen que votar, aí xa entrarán na outra parte, no que dicía o Sr. Leirós, o de que esta non é unha estrada que sexa competencia municipal, é dicir, é da Deputación, non é do concello, entón iso de que o Goberno local se comprometa a dar trámite á Administración que corresponda, para a consecución do obxectivo que se está formulando, é unha zarangallada tan grande que ao final determinan que isto é unha moción, terá que ser nos termos correctos dunha moción. E se é un rogo, que roguen e que o Goberno por favor o acepte.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo, compartindo o espírito do que acaba de dicir a voceira de ACdC-SON, tamén quere dicir publicamente, con total e absoluta cordialidade, que cada quen é moi libre loxicamente de utilizar os topónimos como considere, pero eles, de agora en adiante, o anuncia publicamente, como Bloque, non van secundar ningún tipo de moción que non respecte a toponimia oficial do concello, dito con total e absoluta cordialidade.

A partir de aí, el entende que o que si lle podería dar forma de moción a este escrito é pedir que a Corporación se comprometa a dar trámite á administración que corresponda para a consecución do obxectivo que se está formulando. Que sexa o conxunto da Corporación, e di isto como mal menor para salvar o texto.

Conclúe dicindo que eles van votar favorablemente, sendo aínda máis conscientes de que compromete a unha administración, como neste caso é a provincial, da que felizmente a súa organización forma parte, e entenden que é unha demanda xusta. Pode haber outras prioridades, por suposto que si. Están de acordo co que dixo o Sr. Leirós, por suposto que si, pero están dispostos, con esa salvidade, a votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo manifesta que lle gustaría preguntar á señora secretaria se realmente non é unha moción e por normas do Regulamento debe ser un rogo.

Toma a palabra o señor alcalde para sinalar que o tema dos rogos, preguntas e mocións o van aclarar na vindeira xunta de voceiros, para deixalo claro. El coincide plenamente coa voceira de ACdC-SON, a pesar de que están dispostos a votalo a prol, non teñen ningún tipo de problema, porque é unha demanda que saben que existe. É algo que hai que facer, e quen o ten que facer é a Deputación.

Dille á voceira do GM (C's) que xa lle avanza que a seguinte aínda é peor, xa llo di. A seguinte moción que trae é peor que esta. En todo caso, el coincide en que isto sería máis un rogo, pero tamén hai rogos que veñen hoxe ao pleno que non serían rogos, que serían preguntas, polo tanto, van pasar porque neste pleno isto sexa unha moción, van aprobala, pero dille á Sra. García Hidalgo que verá na vindeira xunta de voceiros como isto sería un rogo e non unha moción. Claramente o di no Regulamento orgánico municipal, xa o ten falado coa secretaria municipal, e na próxima xunta de voceiros o definirán, para non ter este tipo de problemas nos rogos ou nas mocións, que é un rogo ou que unha pregunta.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo manifesta que lles dá as grazas, porque a pesar dos erros van votar a prol da moción. Tamén lle quere dicir ao Sr. Carballada que por parte de Ciudadanos non hai ningún problema en cambiar a redacción do acordo e poñer en vez de “Que o Goberno local...”, poñer “Que a Corporación se comprometa a dar trámite á administración de corresponda...”.

Loxicamente eles saben que acaban de chegar, e que estas demandas outros partidos seguramente as terán presentado antes, pero se non insisten ante a administración que corresponda, todos os anos ou todas as lexislaturas, ao mellor están perdendo oportunidades de que iso algún día se leve a cabo. Tense feito coa mellor vontade, para que se leve a cabo, porque os veciños lles trasladan esa necesidade, e eles intentan, dentro da mellor maneira que poden, trasladalo aquí.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coa modificación na redacción do texto do acordo proposta polo BNG, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que integran a Corporación, aprobou a moción, que queda redactada do seguinte teor literal:

“Unha das arterias principais desta vila é, sen lugar a dúbidas, a estrada DP-1706 da Deputación que entre outros puntos conecta O Temple co centro do concello.



Pero dende tempos inmemoriais, a dita estrada carece dunha marxe esquerda, no sentido de saída do Concello dirección A Coruña, de beirarrúa para o uso e desfrute da cidadanía desta vila, ata un pouco máis adiante da Barcala.

Ata agora, ninguén puxo mans á obra para prover aos cidadáns de Cambre dunha seguridade viaria como se merecen ademais de enriquecer visualmente a arteria principal deste concello.

Por todo o exposto, solicitamos desta Corporación, o seu apoio para a aprobación desta proposta que o grupo de Ciudadanos-Cambre considera moi importante, tanto en seguridade viaria como na boa imaxe que as persoas que nos visitan, poderán percibir dunha vila tan señorial como é esta a nosa vila de Cambre.

Acordo:

Que a Corporación se comprometa a dar trámite á Administración que corresponda, para a consecución do obxectivo que se está formulando.”

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo Grupo Mixto (C's), respecto da seguridade viaria na estrada AC-214. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do GM (C's) respecto da seguridade viaria na estrada AC-214

Foi rexistrada de entrada ao núm. 999/093 o día 21 de abril de 2017, xunto coa outra moción presentada para este pleno. O día 21 de abril de 2017 rexistrouse de entrada ao núm. 999/100 unha corrección de erros da moción presentada no que se refire á redacción da primeira frase da parte expositiva.

Tendo en conta o anterior, así como a modificación do parágrafo correspondente á proposta de acordo, que a voceira do GM (C's) leva a cabo de forma verbal durante a lectura da moción, a proposta queda redactada do seguinte teor literal:

“A estrada propiedade da Xunta de Galicia que cruza este concello dun lado a outro, a AC-214, pasa polo centro do concello e sae pola parroquia de Sigrás.

A dita arteria, que ten un nivel de tráfico moi importante, carece en ambos sentidos da marcha, entre Amil e o Mesón Vasco, de beirarrúas en calquera sentido da súa marcha, facendo desta vía un perigo potencial para calquera viandante que teña que usar esta estrada para acceder dende a súa casa ao concello ou simplemente desfrutar paseando dun contorno paradisíaco, como é o río Mero.

Por todo isto solicitamos de novo o respaldo da Corporación municipal para que apoiem a dita demanda en beneficio da cidadanía de Cambre, así como da imaxe do propia concello.

Acordo:

Que a Corporación local se comprometa a dar trámite á administración que corresponda, para a consecución do obxectivo que se está formulando.”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que lle quere informar á señora concelleira que o Goberno municipal xa se ten posto en contacto coa Xunta de Galicia, e estase xerando un proxecto dun itinerario peonil por un só bando, polo lado dereito, entre o Mesón Vasco e Cambre.

Ese proxecto pertence aos fondos Leader e sería a Consellería a que o abordaría. Dende o concello están detrás, é máis, onte chamou ao xefe do servizo e díxolle que o estaban redactando e que ía a boa marcha.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que recollendo a luva que tende o Sr. González Leirós, e aproveitando un rogo que fixeron dende Asemblea hai xa tempo, pregúntalle ata onde vai chegar ese proxecto que se está preparando sobre a seguridade viaria nese treito. Pregunta se inclúe, como ACdC solicitar no seu momento, os pasos de peóns que permitan o paso da senda peonil do río Mero dun lado ao outro da estrada, salvando os problemas dos ciclistas, salvando os problemas para cruzar en xeral.

Toma a palabra o señor alcalde para indicar que si que é verdade que dende o concello xa hai tempo faláron cos veciños de Amil, para ver a posibilidade da cesión dos terreos, porque ían primeiro solicitar os terreos e despois poñelos a disposición da Xunta de Galicia, cando tiveron coñecemento de que a Xunta tiña intención de facer un proxecto, e niso está.

O que queren dende o Goberno é poñer o paso de peóns xusto entre os dous camiños, non que teñan que saír e volver a entrar polo outro lado, senón polos dous, porque ademais o desnivel na parte dereita, indo cara á Telva, é moi pequeno. É dicir, pódese facer e tecnicamente entenden que é así, e así o van solicitar tamén.

Por outra parte, si que hai beirarrúas, non é dende Amil ata o Mesón Vasco. Hai unha parte dende A Casilla ata A Telva onde hai beirarrúas. Dende A Casilla, que é por onde pasa o tren, ata o Mesón Vasco, hai beirarrúa. Faltan dende a Volta das Carrozas ata A Casilla.

Así pois, poden votar a moción, pero a xestión que Ciudadanos pide que se faga dende o Goberno, ou dende a Corporación, xa está feita e a Xunta de Galicia está traballando neste proxecto. Poden levar a moción adiante, pero non ten ningún tipo de sentido.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que ela non ten ningún problema, e se desexan que se retire, para que non sexa reiterativa, a retiran sen ningún problema, xa que teñen visto que o Goberno ten motivos fundados para dicir que isto xa se está facendo.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta do seguinte asunto:

- Do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 11 de abril de 2017, relativo á petición de informe polo señor alcalde ao concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade en relación co escrito remitido aos medios de comunicación co ofrecemento dun campo de fútbol ao Real Club Celta de Vigo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Aceptar as desculpas de don Daniel Carballada Rodríguez polos seu proceder en relación coa nota que saíu da súa concellería en nome de don Brais Cubeiro Fernández e, polo tanto, en nome do equipo de goberno, que afecta ao bo facer e á imaxe corporativa do Concello de Cambre.

Segundo: Reprobar, de forma expresa e contundente, a actuación de don Daniel Carballada Rodríguez en relación coa polémica suscitada.

Terceiro: Dar conta ao Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do presente mes, das desculpas presentadas por don Daniel Carballada Rodríguez en relación co inapropiado do seu proceder, así como por calquera dano que, como consecuencia da súa actuación, se poida ter derivado para a imaxe da Corporación e municipio de Cambre.”

3.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/95 o día 24 de abril de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Son numerosos os lugares do noso municipio de enorme valor paisaxístico e medioambiental que, necesitados de especial respecto e protección, permiten un uso compatible co aproveitamento racional de todos os veciños e transeúntes; máxime nesta primavera na que nos atopamos. De aí que sorprenda o estado no que se atopan algúns tramos da nosa contorna, como o que se atopa na ponte sobre o río no Noceiro, que supón un perigo para quen transita por el, tal e como reflicten as fotografías que se achegan, valado nas súas pasarelas e con algunhas madeiras levantadas no seu arranque, que facilitan a caída dos transeúntes por el.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite ao concelleiro competente que se adopten, á maior brevidade posible, as medidas necesarias para solucionar os problemas advertidos.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, expón que non todo o que pasa polo concello é de competencia municipal, volve insistir, e xa sabe que o saben, non está facendo ningunha insinuación. Neste caso isto é paralelo ao convenio que se está facendo coa Xunta de Galicia, coa Consellería de Medio Ambiente, respecto das actuacións sobre o río Mero, pero precisamente nese convenio non entran as pontes de madeira.

Ténselles requirido xa varias veces, incluso á propia conselleira, que estivo en Cambre como todos saben, e accederon a verificar o estado desas pontes e formular algunhas reformas sobre eles.

Polo tanto, seguirán insistindo. Entenden que a posición da Xunta é actuar sobre esa ponte, sobre esa e sobre a outra ponte, que tamén ten unha banda que é imposible polo que esvara. Dende o concello teñen feito operacións de reparación mínima, de restauración, pero non é suficiente e é necesidade abordalo. Conclúe dicindo que seguirán niso.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, agradece a contestación e lembra a outra ponte, á que se lle puxo unha táboa de aglomerado, porque esa táboa agora mesmo, ao chover, afúndese totalmente e resulta moi perigosa.

O señor alcalde informa que está reparada dende hai dous días. Explica que deron orden de reparala dende o concello porque era perigosísima, estaba a punto de caer, e alí hai moitos ciclistas que pasan o valo da ponte, que se ve, pero o outro non se vía, e se cando chegaban coa bicicleta tivera roto o aglomerado, si que ían caer, por iso deron orde de reparala de forma urxente.

Continúa explicando que teñen un estudo que se encargou de todo o río Mero, co tema da senda ciclista da Deputación, e agora o convenio que asinaron por 40.000 euros da Consellería de Medio Ambiente. Van ter reunións a vindeira semana con técnicos da Deputación, porque dende o Goberno municipal non quedaron contentos coas actuacións que se van facer e queren máis, son moito máis ambiciosos con iso. Di que incluso teñen xeolocalizadas todas as fochancas, onde fai falta varanda nova, onde hai que cambiala, en fin, que hai un estudo feito e pormenorizado do río e van ver se son capaces de acadar o financiamento suficiente para deixalo ben dunha vez por todas.

2º Xa teñen sido varias as ocasións nas que os diferentes grupos políticos puxeron de manifesto, en sede plenaria, o deplorable estado no que se atopan as marquesiñas de parada de autobús existentes no noso concello. Sobre todo tendo en conta que a súa finalidade é a de guarecer das inclemencias meteorolóxicas aos usuarios dun servizo público tan importante para os nosos veciños como o do transporte público. O certo e verdade é que pese ás diferentes contestacións ofrecidas dende o equipo de goberno, como a de que ía realizar un estudo integral sobre o estado no que se atopaban as marquesiñas diseminadas por toda a xeografía do noso concello, a día de hoxe non se teñen tomado medidas para reparar o deplorable estado no que se atopan algunhas delas; tal e como se demostra coas fotografías que se achegan co presente rogo e que lles fixeron chegar veciños e usuarios do transporte público.

De aí que, ante o deplorable estado no que se atopan as marquesiñas de parada de autobús, dende o Grupo Municipal Popular se solicita do concelleiro competente que se reparen, á maior brevidade posible, as deficiencias advertidas nas marquesiñas de parada de autobús diseminadas por todo o territorio de Cambre reinstaurando, desa forma, a súa utilidade propia.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos, manifesta que o primeiro que ten que dicir é que este rogo non é verdade, é dicir, a ela ás veces oféndelle a maneira que teñen no PP de formular os rogos, e vaise explicar.

Dise no rogo que ían realizar un estudo integral sobre o estado no que se atopaban as marquesiñas diseminadas por toda a xeografía do noso concello, e que, a día de hoxe, non se teñen tomado medidas para reparar o deplorable estado. Iso é mentira. Esas dúas marquesiñas, se non lle falla a memoria, parécelle que as dúas se localizan na zona da Rocha e de todas as marquesiñas, dende que hai tres ou catro meses esta pregunta xa se trouxo a Pleno por parte de ACdC-SON, a maioría delas xa foron reparadas.

Por iso lles di que a ela lle vale que lle digan que na Rocha hai dúas marquesiñas que están mal, e incluso pode ser que noutro sitio haxa máis, pero o que non lle vale é que digan que non están facendo nada, iso non.

Parécelle moi ben e aceptan o rogo na súa totalidade con esas marquesiñas. Unha xa foi mirada hai un par de meses por Luz Coruña. Chamouse a tres empresas que se dedican a reparar ese tipo de elementos e a da foto da dereita ten danos estruturais, é dicir, non é simplemente unha reparación dun panel de metacrilato ou de policarbonato. Esa marquesiña, unha que seguramente todos coñecen que está diante da casa dos Seivane e outra que está dentro do polígono do Espírito Santo, cando se colle o desvío para o punto limpo, teñen danos estruturais. Son tres marquesiñas moi localizables por todo o mundo e respecto desas marquesiñas están no tema. Están detectados os grandes fallos estruturais, pero nas que era cuestión dos paneis, xa se foron repoñendo.

A outra da Rocha, a da foto da esquerda, a verdade é que non a tiñan localizada. Debeu de ser posterior a facer esa visualización e reportaxe fotográfica que fixo un técnico municipal, e dálles as grazas porque llo dixeran, pero o rogo é unha media verdade.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, explica que eles expoñen que hai algunhas, é dicir, eles detectaron que hai algunhas que están en mal estado, e esas son as que traen aquí. En ningún momento están dicindo que non se teñan reparado outras, de feito non controlan todas as marquesiñas.

Dende o Goberno dixéranlles que se ía facer un estudo integral, e tampouco sabían se estaba feito, por iso as marquesiñas que teñen detectado as traen aquí. En ningún momento lle están dicindo que non estea facendo o seu traballo, para nada, e di que o aclaran publicamente. Teñen detectado esas, e son as que traen, e para nada esa mala leite.

Dona Elisa Pestonit Barreiros di que hai que dicir as cousas claras, e os rogos veñen feitos a mala leite, ou polo menos ela os interpreta así. Pode estar errada, certo, pode estar, pero non inventa o que está lendo. Ao mellor é que ten unha maneira moi retorcida de interpretar as cousas, pois pode ser.

O señor alcalde sinala que respecto diso que se di no rogo de que non se teñen tomado medidas para mellorar o deplorable estado, pois si que se tomaron algunhas, outras quedan.

3º Con data de 21 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno Local de Cambre acordou incoar, á entidade encargada da redacción do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cambre, expediente de resolución do contrato suscrito o 14 de decembro de 2010, acompañado da correspondente proposta de resolución.

Remitido o expediente de resolución contractual ao Consello Consultivo, para os efectos da emisión do preceptivo ditame do dito órgano consultivo á proposta de resolución acordada, o 22 de febreiro de 2017 o Consello Consultivo de Galicia emitiu o ditame núm. 22/17 *“Que informa desfavorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire”*, ao considerar como feito certo que *“(…) o 21.12.2016, cando se iniciou mediante acordo da Xunta de Goberno Local o procedemento de resolución contractual, xa tiña transcorrido o prazo máximo de duración do contrato legalmente autorizado, de seis anos incluídas as prórrogas, a que se refire o artigo antes transcrito, circunstancia que impide, dende ese momento, a incoación do expediente resolutorio.*

Así as cousas, a administración local poderá declarar extinguido o contrato polo transcurso do prazo máximo legal de duración, o que implicará a necesidade da súa liquidación, coas demais consecuencias que procedan, pero sen que as discrepancias que resulten poidan xa abordarse no seno dun expediente de resolución contractual nin, polo tanto, dean lugar á intervención preceptiva deste Consello Consultivo.

Á vista do disposto no referido ditame do Consello Consultivo de Galicia, polo Grupo Municipal Popular solicítase do concelleiro de Urbanismo que informe ao Pleno do Concello de Cambre sobre as medidas a adoptar polo noso concello respecto da empresa contratada e á redacción do Plan xeral de ordenación municipal, derivadas do ditame emitido polo máximo órgano consultivo de Galicia.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, manifesta que van a centrarse na pregunta. Respecto da empresa, neste momento está rescindido o contrato. O proceso que procede é un proceso de liquidación, única e exclusivamente. Nese proceso de liquidación hai dous argumentos, un que cre que debe de cobrar por parte do traballo realizado, e outro, que é o do concello, que cre que o traballo realizado é cero. Non é que non se teña realizado traballo, senón que o traballo que se realizou non vale, ou non era o que se prevía. Un exemplo sinxelo, teñen encargado unha mesa

de seis patas e entregáronlles unha de catro. Na empresa din que se sostén, e dende o concello non se quere. Eles argumentan que é de catro e pode servir igual, pero non, porque o concello o que ten encargado é unha de seis e, polo tanto, a consistencia dunha de seis non é a dunha de catro e a de catro non a queren e non a van pagar. A outra parte alega que lle teñen que pagar o material desa mesa de catro, e dende o concello o que se contesta é que non van pagar nada porque o encargo era dunha de seis, esa era a condición.

Polo tanto, a perspectiva a longo prazo é que vai haber un contencioso, iso seguro, totalmente seguro, e que dende o concello se vai defender a posición de custo cero. Así é como está o tema coa empresa. A empresa presentou un recurso de reposición, que se vai resolver moi rapidamente e, polo tanto, a seguinte cuestión será o contencioso administrativo seguro, porque non van chegar a un acordo. No hai coexistencia neste tema.

Conclúe dicindo que o vai deixar aí, porque cre que a pregunta non é sobre o longo prazo do Plan xeral, cre que é concretamente sobre o tema da empresa.

Don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que el o que lle quería comentar é que hai uns minutos, no pleno extraordinario, tense acusado ao PP de que lle gusta moito ir aos xornais. El cre que todo o contrario, é o equipo de goberno o que vai aos xornais aos catro ventos publicando cousas que logo non son certas, ou como se dixo antes, son medias verdades.

Respecto dese ditame do Consello Consultivo, deuse unha rolda de prensa, e así aparece recollido no xornal 'A Opinión' da Coruña do día 6 de marzo pasado. O ditame do Consello Consultivo informa desfavorablemente sobre a proposta que se tiña remitido dende o concello, acordada mediante resolución da Xunta de Goberno Local. Iso non se di nada na nota de prensa. O Consello Consultivo informa desfavorablemente sobre a proposta da Xunta de Goberno Local, que é a resolución do contrato. Iso si, dálles a pista, porque a conclusión á que chega o ditame do Consello Consultivo é que non se pode resolver aquilo que está extinguido.

É dicir, o Goberno municipal adoptou un acordo de resolución na Xunta de Goberno Local, cando o contrato xa estaba extinguido. Di que menos mal que o propio ditame lles dá a posibilidade de declarar a extinción, que ten unhas consecuencias, como o señor concelleiro dixo, distintas. Ten falado exclusivamente, foron as palabras do señor concelleiro, de que procede a liquidación, exclusivamente, non ten outras consecuencias como, por exemplo, instar un procedemento para prohibir contratar coas administracións públicas, que tería sido o preceptivo se tiveran ditado o acordo en prazo.

Chócalles que se fale de prazos na rolda de prensa que deron, ou que enviaron aos medios de comunicación, porque, como non, aproveitan sempre para confundir ao persoal, para confundir aos veciños de Cambre, falando de que o Goberno local lembra, ademais, que o período de cinco meses que lle deu o anterior executivo municipal do PP non figuraba nos pregos de contratación. É dicir, están achacando ao grupo de goberno anterior que tivera outorgado un prazo de cinco meses para modificar ou para entregar o documento rectificando na súa totalidade. Pregunta que ten pasado co ano e medio que eles levan gobernando, poderían ter resolto o contrato. Ou sexa, achacan ao Goberno anterior que tivera concedido cinco meses, cando eles mesmos en ano e medio non resolveron ese contrato, que o podían ter feito perfectamente, e adoptan unha resolución cando non a poden adoptar, é dicir, cando o procedemento xa se extinguiu, que é o que lles vén a dicir o ditame do Consello Consultivo.

Con isto, pregunta a quen lle gustan os xornais, a quen lle gusta saír en prensa, a quen lle gusta dicir as medias verdades. E, por se fora pouco, lembra outra vez outro xornal que lles lembra etapas felizmente rematadas, e que o actual equipo volve traer aquí. Son 32 páxinas de autobombo sobre o que, en teoría, consideran que está facendo o equipo de goberno municipal.

Conclúe pedindo que sexan máis serios á hora de dar roldas de prensa, que contenen de verdade o que din os ditames, neste caso do Consello Consultivo, e pide tamén que non abran o ventilador sobre cousas que eles mesmos, non só repiten, senón que as fan corrixidas e aumentadas.

Don Juan González Leirós expón que fala o Sr. Abalo de que non din certezas, que din mentiras, que se é para confundir ao persoal, medias verdades. Despois no PP se molestan cando eles lles responden coas mesmas frases e explicacións. Nunca o teñen feito, pero chega un momento en que teñen que facelo porque é que non lles dan outras posibilidades, porque esas frases se teñen repetido aquí continuamente.

Di que el ten moitos defectos, moitos, e pode equivocarse, pero mentiras, xamais. Iso o sabe todo o mundo. O concelleiro do PP non o coñece de nada, só de estar aquí, polo tanto pídelle que non faga observacións sobre cuestións das que non ten datos, agradeceríallo, porque entón se entenderían moito mellor. Se non fixeran observacións sobre cousas das que non teñen datos, nin insinuacións, entenderíanse mellor. Os que fan continuas insinuacións son os concelleiros do PP.

Vaile aclarar por que dixeron o dos cinco meses, dixérono porque é certo. Nunca o teñen dito, téñeno calado constante e continuamente, porque non querían sacar isto a colación, pero é certo, cando o PP fixo o dos cinco meses contratou a unha empresa que non tiña calidade para ser contratada. A ver se o entenden todos dunha vez, iso era unha UTE que se chamaba IDOM-ARNAIZ, onde a calidade, e di calidade, non cantidade, a tiña ARNAIZ. A calidade do coñecemento, a calidade do planeamento, a calidade de ter feito moitos plans xerais. Esa empresa, no momento en que lle deron os cinco meses, sabían todos que tiña un ERE enriba e que non podía vincularse a este tema, así que quen colleu o testemuño foi IDOM, que non tiña as calidades para facer o planeamento, non podía. Se IDOM se tivera presentado soa, non poderían terlle dado o contrato, porque non tiña as calidades.

É tanto o feito de que era ARNAIZ, que cando presentan o segundo documento, cando chegou o PP, que quedou aí aparcado durante uns meses, cando presentan ese documento teñen o erro de presentalo a nome de IDOM, e non ARNAIZ, nin da sociedade IDOM-ARNAIZ. É tanta a calidade, a suficiencia que adquiriu IDOM nese momento que non se dan conta de que teñen que presentar o documento a nome dos dous, e o presentan a nome de IDOM. É dicir, tense contratado a IDOM, e de aí veñen estas rodas, de aí e duns especialistas en avogacía que teñen, que para iso pagan e para iso é un ente que ten medidas internacionais, e comezan a presentar recursos e alegacións constante e continuamente.

Di que non quería facer esta pregunta, pero son eles os que fan que llela faga, gustaríalle saber por que se contratou a IDOM e por que se lle deu ese prazo, cando o prego de condicións non daba a posibilidade de prórroga, non a daba, e cando, ademais, había un decreto asinado polo concelleiro de Contratación dicindo que se negase a posibilidade de contratar de novo. Non obstante, déuselle ese prazo.

El saca o tema porque lle preguntaron. El daba por rematado este tema, e parécelle que o tema se acaba sendo sinérxicos, pasando do que hai que non lles vai mover muíños, e indo para adiante, agora ben, se o PP quere lembrar, entón non lles vai quedar máis remedio que poñer todas as cuestións e expoñelas aquí.

Conclúe dicindo que o que se trata é de que rescindiron o contrato, van facer un novo prego de condicións que xa está no período de contratación, e con iso avanzar. Se o PP quere lembrar, el non ten inconveniente en facer un pleno para lembrar todo isto e matizalo, pleno extraordinario se queren.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o Sr. González Leirós segue dicindo as verdades a medias. O concelleiro non estaba nesta Corporación cando se suscitou o problema do contrato IDOM-ARNAIZ, non estaba, e non sabe exactamente o que pasou, pero o actual alcalde si estaba.

Xa ten explicado aquí en plenos, en moitísimos plenos, cal era o problema. O problema é que cando aquí no ano 2010 se contratou á UTE IDOM-ARNAIZ, que asinou a Corporación anterior á do Goberno do PP, a empresa ARNAIZ tiña 300 empregados. Cando se puxo a redactar o Plan xeral de Cambre, escasamente tiña 50. No contrato que había, que era coa UTE, IDOM encargábase do 10% do contrato, e iso o cumpriu, e non era precisamente o planeamento. Cando lles tocou empezar co planeamento colocáronlles unha igrexa gótica.

Despois de chamar infinidade de veces aos responsables de ARNAIZ aquí ao concello, cos cales el mesmo se entrevistou, tiveron que requirirllas oficialmente e sancionalas, e por aí está a sanción, ata que IDOM dixo que eles se facían cargo. Di que el non asinou ningún outro contrato, seguía sendo o mesmo contrato, os problemas internos na UTE os tiñan que solucionar eles, a el o que tiñan que entregarlle era un Plan xeral, e por iso se lles deron eses cinco meses para acabar.

Conclúe dicindo que esa é a realidade, non realizaron ningún outro contrato.

Toma a palabra o señor alcalde e avisa ao voceiro do PP que terminou. Simplemente lle quere lembrar que a última palabra a ten quen fai o rogo, tal e como acordaron, para ratificar ou modificar o rogo. O que fixo o Sr. Rivas non foi nin ratificar, nin modificar. Dille isto porque é algo do que van falar na vindeira xunta de voceiros.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/97 o día 24 de abril de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Recentemente soubemos que a Xunta rexeitou no Parlamento a proposta do concello de realizar o enlace da vía Ártabra en Catro Camiños e defenden a alternativa da Gándara. O director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Meléndez, en resposta a unha pregunta de En Marea negou, así mesmo, que o proxecto inclúa unha área de peaxe.

As informacións vertidas entre a Xunta de Galicia e o Concello de Cambre seguen a ser confusas para a maioría dos veciños.

En relación co anteriormente exposto o grupo municipal de ACdC prega se nos informe das xestións realizadas ou previstas polo Concello de Cambre unha vez coñecida esta noticia.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que o concello o que está é na vía administrativa que lle corresponde. Presentou as alegacións oportunas, e están no tempo de resolución das alegacións. Esa é a vía que lles corresponde neste momento, se iso é o que querían saber co rogo.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que si era esa a demanda principal do rogo, pero con isto o que querían facer é unha pequena clarificación de cara a cando se fagan as reunións cos veciños, coa xente afectada, e todo tipo de información que parta do concello.

Pregan que non se dean estas situacións no futuro, unha situación na que os veciños non teñen claro que é o que lles vai pasar, por onde vai pasar o percorrido, cales son as alegacións que se están presentando, se vai haber unha zona de peaxe ou se non vai haber. Pregan que sexan moi claros neste tema, e que cando fagan as xuntanzas, non estaría de máis que avisaran tamén aos concelleiros do conxunto da Corporación, para poder estar tamén nesas xuntanzas, e escoitar que opinan os veciños das propostas que fai o Goberno, e incluso dar a súa opinión se é necesario.

Don Juan González Leirós manifesta que o Grupo Popular estivo representado, polo seu voceiro e polo seu actual presidente, cre que se chama presidente. Quere dicir que como estivo o Grupo Popular imaxina que puido estar calquera nesa reunión.

En todo caso, vailles resumir o problema da vía Ártabra, para que quede ben claro para todos dunha vez. O problema da vía Ártabra é un trazado que vai dende Lorbé, que xa está feito, ata a Nacional VI, dende a N-VI ata a AP-9 e dende a AP-9, quere lembrar, ata a A-6. Ese é o compromiso que adquiriu a Xunta no último acordo, nesa presentación do director xeral. Ese é o percorrido e o compromiso que adquiriu. Dixo que estaba aprobado iso e que se ía facer. Cal e o longo prazo, non se sabe.

A discusión na vía Ártabra son simplemente dúas cuestións, importantísimas, pero de matiz. O trazado da vía Ártabra é un trazado continuo dende a N-VI ata a A-6, cun brazo de desviación que non pertence ao trazado verdadeiro, ao orixinal, ao verdadeiro trazado. É como se teñen unha liña, desa liña baixan a outra posición, e desa posición vanse á Gándara. Esa posición de baixar á Gándara foi debuxada e proxectada no ano 2009 para ter unha área de peaxe, non para outra cousa, non para ser un trazado principal.

Esa función se destrúe, ou se cambia, ou se modifica, no proxecto de trazado e convértese o trazado principal ata a Gándara, e proxéctase unha posible continuidade da vía. Continuidade, insiste, comprometida, non é que se inventen nada. Polo tanto, a vía Ártabra está proxectada para que pase por Catro Camiños, si ou si ou si, en principio, non se sabe cando.

Dende o concello o que se lle di á Xunta é que, se van gastar uns cartos e van afectar medioambientalmente unha zona que está protexida, por que non os gastan ata chegar a Catro Camiños, e así o único que terían que facer é a rotonda en Catro Camiños, a rotonda dos catro xiros, posto que dous xa están. Farían os catros xiros, sería máis barato, poderían facer máis viario, non afectarían todo o tema da Gándara, e a posición sería mellor.

O que lles contesta a iso a Xunta de Galicia é que hai posibles problemas, ou eles din que hai problemas, de seguridade viaria. Dende o concello contéstanlles que se fixo un estudo con un equipo, máis ou menos bo, máis ou menos malo, pero un equipo de enxeñeiros que sabe diso, e o que lles dixeron é que os únicos incumprimentos que existen ata o de agora na vía Ártabra son a saída dende Cambre cara a Santiago, coa entrada a Ferrol, que hai menos de 900 metros, polo tanto, o feito da negatividade produciuse cando se fixo a autoestrada, ou quere aclaralo, non cando se fixo a autoestrada, senón que a saída de Cambre se fixo antes da saída de Ferrol, polo tanto, a que está incumprindo é a saída de Ferrol.

Incluso en Fomento, e iso é así, aínda que a medias tintas ninguén llelo dirá, se pensaban se tiñan que cambiar o nó de Ferrol, porque realmente era o que incumpría, non o nó de Cambre.

E a outra posición é cando se sae de Ferrol e despois se chega á saída da autoestrada cara a Cambre. Iso tamén ten 960 metros, aproximadamente, e tiñan que ser un quilómetro douscentos. Polo tanto, incumprimentos estanse facendo no actual desenvolvemento da autoestrada, e na propia autoestrada. Son eles os que están incumprindo os seus propios procedementos.

En segundo lugar, ao levar esa saída á Gándara, a Cambre se lle elimina a entrada e a saída na posición, e cren sinceramente, non é por poñerse furiosos, cren que iso afecta moito máis aos veciños de Cambre, posto que a saída en Catro Camiños é moito máis natural, moito máis normal, moito máis barata e, ademais, se alguén vai ir á Gándara, probablemente moita xente non vaia, pero se a saída está en Catro Camiños incluso os de Bribes sairían en Catro Camiños, porque sería moito máis fácil.

Todo este discurso, que viña dado por unha área de peaxe, vén ademais animado porque a Xunta di que é libre de peaxe. Conclúe dicindo que non entenden nada.

Don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, pide a palabra.

O señor alcalde dille que non, que saben que é unha intervención, interveñen os grupos e termina o que presentaba o rogo. O debate ábrese na primeira intervención, como tiñan acordado, faise o rogo, hai un debate de todos os grupos políticos e pecha o que fixo o rogo. Cre lembrar que é así.

Os concelleiros do PP manifestan que non interviñeron.

O señor alcalde explica que non, pero que tiveron a oportunidade de facelo. O que pecha é o grupo que presentou o rogo. Quedaron, agás que se equivoque, en que se facía o rogo, había unha contestación por parte do Goberno, interviñan, ou non, os grupos, novamente o Goberno, e pechaba o grupo propoñente.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, expón que claro, e que esta foi a primeira intervención do equipo de goberno polo que procede unha rolda dos grupos.

O señor alcalde contesta que non, que o concelleiro de ACdC-SON tardou 36 segundos en facer o rogo. O concelleiro de Urbanismo 24 segundos en contestar. Novamente don Antonio Bruquetas tardou 57 segundos, e agora 4 minutos 42 segundos don Juan González Leirós. É a segunda intervención que fai o Sr. González Leirós.

Os concelleiros do PP manifestan que eles non interviron.

O señor alcalde contesta que será que non pediron a palabra. Pregunta se a pediron, se non o fixeron, entón pecha a intervención don Antonio Bruquetas. En todo caso, di que se aclarará, perfectamente, na vindeira sesión da xunta de voceiros.

Don Juan Abalo Castex expón que só se trata de adherirse á proposta que fai o Sr. Bruquetas respecto da asistencia ás reunións que teñan cos veciños.

O señor alcalde sinala que ese é outro tema, que lle contestará despois ao Sr. Bruquetas, e dille ao Sr. Abalo que non está no uso da palabra.

Don Antonio Bruquetas Santos manifesta que, unicamente por rematar, recalcar que como este tema é un tema que está traendo bastante complicación de cara ao entendemento por parte dos veciños, pregan que a medida que se vaian tendo as comunicacións e se vaia clarificando o tema pola Xunta e por parte dos organismos que estean implicados, se vaia dando cumprida conta aos veciños, pero non unicamente cunha carta, senón que se faga presencialmente, cos planos e co material que sexa necesario para que desaparezan esas dúbidas. E, por suposto, que teña coñecemento o conxunto da Corporación.

O señor alcalde explica que, de todas formas, hai uns foros. Este é un foro, que é o foro do Pleno, de discusión política. Hai un foro onde calquera grupo político, ou o Goberno en si, pode ter unhas reunións cos veciños, e o resto dos grupos poden telas cando queiran, para falar da vía Ártabra, por suposto, sen ter que invitalos a eles como grupo de goberno, e o grupo de goberno, exactamente o mesmo. Non van facer un circo cada vez que vaian a un debate político diante de todos os veciños, o debate político faise neste pleno.

O Goberno informa de que aquel veciño que queira asistir ás reunións pode facelo, e algún concelleiro, como veciño, asistiu a algunha e o Goberno non tivo ningún tipo de problema niso, agora ben, invitar aos concelleiros para ir alí a facer un debate político, non, non vai ocorrer.

Don Antonio Bruquetas Santos manifesta que se trata de poder escoitar aos veciños.

O señor alcalde dille que aos veciños pode escoitalos cando queira, sen estar o Goberno presente.

Don Antonio Bruquetas Santos sinala que non nese contexto.

2º Unha vez sacado a concurso o contrato de retirada de vehículos da vía pública e depósito o mes de xaneiro pasado, e vista a ausencia de ofertas temos coñecemento de que o interese do Goberno é contratalo de xeito conxunto con outros concellos. Tamén sabemos que se levan a cabo conversas con outros concellos para consorciar o servizo de emerxencias.

Pregamos se nos informe do estado das conversas e xestións en ambos servizos cos diferentes concellos, así como as respostas recibidas destes entes.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, explica que si faloron con outros concellos. Neste momento están os técnicos dos concellos de Cambre e Culleredo facendo o prego de condicións, para amosarlo aos outros concellos que amosaron interese en entrar, que serían Oleiros e Sada. Cando teñan o prego de condicións chamarán a eses concellos para ver se queren adherirse ao convenio.

En canto ao tema de emerxencias, falouse moito, por encima, co Concello de Culleredo, pero primeiro van rematar co tema do guindastre, para despois seguir co tema de emerxencias.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, expón que lle quedan un par de preguntas, como que se está facendo mentres tanto co servizo. E despois unha pregunta máis técnica, a de como se vai adherir logo Oleiros a ese convenio, unha vez que o servizo estea consorciado con Culleredo.

Dona Josefa Vázquez Soto reitera que Culleredo e Cambre están traballando no prego de condicións. Unha vez que se teña e estean os dous concellos de acordo, vaise contratar. Agora mesmo Oleiros aínda ten contrato, ata dentro dun ano, máis ou menos. Despois se quere adherirse a eles, terá que solicitálo, mirar os pregos de condicións, e poñeranse a falar.

Don Antonio Bruquetas Santos pregunta quen se está encargando agora mesmo destes temas.

O señor alcalde intervén para lembrarlle ao concelleiro que xa non hai máis preguntas, máis debate, tratábase de que pechara o rogo. O rogo realmente se define como unha proposta ao Goberno, e ao final hai que dicir se se ratifican no rogo ou se modifican a proposta despois de escoitar aos grupos ou de escoitar ao Goberno. Iso é así, non é un debate. Por iso teñen que falar deste tema e teñen que aclaralo.

De todas formas di que o que se está facendo é falar con Culleredo. Os técnicos de Cambre cos de Culleredo están facendo o prego e condicións que lle interesa a Cambre e a Culleredo, despois presentarano a Oleiros e a Sada, que son os que estaban interesados, e se a eles lles interesa, ben, e senón o sente moito, vaise tirar para adiante con Culleredo.

3º Dentro do evento denominado “Noutrora” que entendemos que nace co ánimo de recordar os anos de finais do século XIX e principios dos XX en Cambre, e tendo en conta que temos unha moción aprobada co obxecto de recordar os xogos antigos e tradicionais da nosa vila, observamos que dentro do espazo dedicado a este evento puidemos atopar atraccións infantís, dende o noso punto de vista, pouco respectuosas coa contorna na que se localizaba o Noutrora.

Pregamos que se na intención da concellería responsable deste evento está perpetualo en vindeiros anos, teñan a ben ter en conta a posibilidade de coordinar a súa celebración coa evocación tanto das vestimentas, como xa se fixo, como das tradicións, entre as que se atopaban os xogos populares para nenos e adultos, e evitar, na medida do posible, o impacto de atraccións actuais mecánicas, que, ao noso parecer, rouban moito espazo para as persoas que queren desfrutar da contorna e pouco desfrute para os nenos.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade, manifesta que agradecen o rogo presentado por Asemblea Cidadá de Cambre e, en parte, comparten o espírito do que aquí lles din.

Falan no rogo de se na intención da concellería responsable deste evento está perpetualo en vindeiros anos, e a resposta é rotundamente si. Si teñen esa intención, porque fan unha valoración global positiva do evento. Pero di que unha valoración global positiva non exime, nin moito menos, de que haxa aspectos a mellorar, máxime cando falan dunha primeira edición, que se fixo moi en precario, tanto a nivel económico, como loxístico e a nivel temporal, e non lles doen prendas en recoñecer certos erros.

El persoalmente así o percibiu, porque cando se está plenamente inxerido nunha cuestión, vense os acertos, pero tamén se ven os erros. El vailles relatar moi brevemente algo, porque non descubre absolutamente nada. Eles primeiramente negociaron, por así dicilo, faláron, tiveron conversas con outras empresas, con outros provedores de atraccións que forman parte dun evento desas características. Aí si que había un carrusel de época cos seus cabaliños, e os seus carros alados, e esa cousa moi anos 20, moi en cor crema. Había tamén un circuíto de coches Ford T, que foi o primeiro coche de fabricación en serie, e unha serie de cuestións.

Explica que iso veuse abaixo por unha cuestión básica, que foi que era o primeiro ano e o empresario dicía que iso a ver como ía saír. A partir de aí tomaron a decisión de reformular esa cuestión, indo xa dentro doutro nivel de empresarios e de xente vinculada a este mundo, que máis ou menos gardaran as formas.

Claramente, e iso dito tamén polo propio persoal de Cultura, hai unha cuestión básica, que é o tema ese das camas elásticas e das lonas, que se asocia moito con Houdini e con todos aqueles espectáculos que había naquela época. O carrusel o que procuraron foi que, dentro diso, que polo menos levara motivos de Disney e de debuxos animados da época, e iso conseguíuse.

Basicamente o que máis desentoaba, ao seu modo de ver, era o tema dunha atracción que eran uns “toritos”, pero que lles viña xuntamente co inchable, en fin, que foi un pouco unha negociación nese sentido. Logo non había dispoñible un tren da bruxa, que tamén é moi da época, e había algo que era no seu formato similar.

Cre que está dando unha serie de explicacións, e o di así de claro, como nunca se deron neste pleno, con tal detalle ao respecto deste tipo de cuestións. Cre que iso é bo, que é positivo, e enfiando con este tipo de cuestións, para o ano queren loxicamente facelo mellor.

O tema da vocación das vestimentas, eles están satisfeitos, porque ao ser un evento novo, eles non querían nin por un lado que se estableza ningún tipo de indicio de teórica competencia que poida haber cun evento como é a Galaicoi, que para eles é un elemento fundamental na programación cultural, festiva e turística do Concello de Cambre, que ten ademais uns recursos inxentes e moi importantes, porque é unha grande aposta, e que vai no camiño da recreación. É dicir, que está chamado a dar uns pasos nese sentido en canto á calidade do que é propiamente unha recreación, de moita máis envergadura, e que é unha aposta fundamental.

Aquí o que procuraban era que houbera un mínimo, por así dicilo, de ambientación, que ao seu modo de ver si se conseguiu, pero que tampouco propiciaran na xente un certo efecto rebote, é dicir, como non vou disfrazado, ou como non vou ambientado, non vou. Non, non se trata diso. Trátase de que familias enteiras, sobre todo nunhas primeiras edicións, vaian, vexan máis ou menos o que hai, e vaia habendo paulatinamente un efecto progresivo.

Con todo, fan unha valoración moi positiva do tema das merendiñas que se fixeron, e de recoller e dar certo acubillo a algo que xa existía en Cambre, porque xa existía en Cambre unha xente marabillosa, que fai unhas recreacións desa época, alucinantes, moi meritorias.

En canto ao que se di dos xogos populares, dicir modestamente que si que fixeron. Gustaríalles facer máis, pero si se fixeron dúas tardes de xogos tradicionais, como se fixo tamén no peche do Entroido, concretamente o último día. Son multitude de xogos dos que a el se lle escapan os nomes, e hai un por excelencia, que quizais é o máis significativo, que é a billarda, que require un terreo que aquí non teñen, e que se fixo o 2 de abril, desligado desa actividade.

Intervén o señor alcalde para pedirlle ao concelleiro que vaia rematando a súa intervención.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que finalmente, e procura rematar de maneira telegráfica, el sabe que existe en determinada xente un comentario sobre a utilización do céspede, sobre a utilización da herba. Eles cren firmemente que a herba está para utilizarse, para o público, cre que foi un bo uso o que se lle deu, é unha actividade que dura unicamente dez días, hai outros recintos ...

Toma a palabra o señor alcalde quen dá por remataba a intervención do concelleiro.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que vai intervir neste rogo que fai o grupo de ACdC porque eles traían unha pregunta que practicamente xa llela contestou o Sr. Carballada, pero quere lembrarlle que o día 11 de abril pediron que lles fora facilitada copia completa e foliada do expediente administrativo do evento "Noutrora", e están agardando por ela. Por iso traían esa pregunta ao pleno.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta respecto da intervención do concelleiro de Cultura que unicamente poderían estar un pouco en desacordo co último tema do que se falou, o uso e posta en marcha da actividade nesa localización.

Non é unha cuestión de que a herba non sexa para usala, senón que se está usando para outras cousas de forma habitual e de forma xenérica por parte dos rapaces de Cambre, e tendo como teñen o campo da Feira preparado xusto enfronte, a súa suxestión, que non deixa de ser iso, con toda a súa humildade, despois de falar con veciños e vendo como foi esa semana, pensan que ao mellor a zona

das atraccións, que coinciden en que deberían ter sido de época, ou ao mellor menos mecánicas, menos electrónicas, pero si que coinciden en que a súa localización podería estar un pouco máis visible neste sitio, como se fixo co Entroido.

No Entroido fixéronse xogos populares, estiveron toda unha tarde, e dende a propia estrada víanse os xogos alí e víase ao nenos xogando. Con Noutroira pasou varias veces por alí, e el persoalmente non foi capaz de ver aos nenos xogando. É algo que si que botaron en falta.

Por outro lado, agradece as explicacións do concelleiro, e a ver o ano que vén como se vai desenvolvendo.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que non sabe se o Sr. Rivas non vai presentar despois a súa pregunta, que el responde de mil amores. Dille de maneira moi clara, xa que tiña preparada a resposta para a súa pregunta, que respecto dese requirimento de documentación, el de inmediato, no momento en que tivo coñecemento da existencia desa petición de documentación, el persoalmente deu orde á persoa que entende que é competente, que é o xefe da Área que politicamente el dirixe, que facilitara absolutamente toda a documentación, por suposto debidamente foliada, e que lla facilitara ao PP, como a quen así a pida. Antes de vir ao pleno preguntou se esa documentación fora entregada ou en que estado estaban, e díxéronlle que non fora entregada, pero que estaban en prazo.

Explica que todos entenderán que para el é moito máis cómodo, e politicamente máis satisfactorio, chegar aquí con ela, pero reitéralle o que lle dixeron, hoxe ou onte, que estaban en prazo. Non sabe exactamente cando, pero van ter a documentación, por suposto que si, con todo luxo de detalles.

Don Antonio Bruquetas Santos sinala que, por engadir outro pequeno detalle á súa exposición anterior, comentar que para as vindeiras ocasións, para as vindeiras Noutroira, convén ter o tema eléctrico dende o principio ben oculto da vista da xente e dos nenos.

Don Daniel Carballada Rodríguez aclara que, en todo momento, dende o comezo do Noutroira, todo absolutamente estivo, dende o punto de vista legal, de punta en branco, e debidamente asinado polos técnicos. Recibiron unha suxestión, non lle doen prendas en dicilo, o primeiro día de celebración da feira, por parte da voceira de Asemblea, respecto dun cadro de luz que estaba instalado nunha árbore, e o que se fixo por parte do técnico que asinou o informe foi dicir que iso estaba ben, que era apto, pero que podía facerse dunha maneira mellor, foi o que dixo.

Rogo de C's presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/94 o día 22 de abril de 2017, xunto coa pregunta presentada para este pleno.

Único. A vía que atravesa a fronte deste concello ten do lado do Campo da Feira árbores que están protexidos nuns recadros que sobresaen e con cuxas esquinas tropezan as rodas de moitos coches ao realizar as manobras de aparcamento, danándoas seriamente. Puidemos observalo en varias ocasións. Quizais se as esquinas non fosen tan triangulares non se producirían eses danos, quede claro que non se trata de desprotexer a árbore, senón que as esquinas terminen noutra forma máis nesgada de maneira que non resulten daniñas para as rodas e cumpra cun dos seus obxectos, que é a protección da árbore. Acompañamos fotografía que amosa como as rodas fixeron saltar a pedra e a súa deterioración. Por todo isto dende o grupo municipal de Ciudadanos rogamos que se reparen as esquinas dándolles outra forma, que podería ser en chaflán, redondeada ou calquera outra que non leve consigo un perigo para os vehículos á hora de estacionar.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos, contesta que recollen o rogo.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dá por suposto que a resposta de que recollen o rogo quere dicir que si o van arranxar, pero pregunta se lles poden dicir se á algo que xa teñen visto, se hai prazos, ou que tipo de solución lle van dar, ben redondeada, ben en chaflán, simplemente saber o que teñen decidido.

Dona Elisa Pestonit Barreiros contesta que recoller o rogo quere dicir que o van mirar, e despois tomarán unha decisión. Non sabe se van ser esquinas redondeadas, esquinas menos triangulares, que non rematen en ángulo recto, achaflanadas ou nesgadas. A verdade é que non o sabe.

Cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos, o señor alcalde auséntase do salón de sesións, cedendo a presidencia ao primeiro tenente de alcalde, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez.

3.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/95 o día 24 de abril de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1^a Na convocatoria da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Económico a celebrar o pasado mes de febreiro, incluíuse como asunto a tratar na orde do día, a proposta de creación e adhesión do Concello de Cambre á “Asociación de concellos do Camiño Inglés”.

Chegado o momento de tratar este asunto na mencionada comisión informativa, o señor alcalde de Cambre acordou a retirada do punto da orde do día, sen dar a coñecer aos membros da dita comisión, as dúbidas e motivos que provocaron a súa retirada.

Transcorrido un mes sen ter coñecemento do estado no que se atopa este asunto, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao señor alcalde sobre os motivos que propiciaron a retirada da proposta formulada e retirada, así como a intención de levar á práctica a dita adhesión.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta que a proposta de crear unha Asociación de concellos do Camiño Inglés lánzase dende o Concello de Carral, que é o que ostenta, agora mesmo a presidencia dunha asociación que non existe.

Está formada por un borrador de estatutos que é moi xenérico. É un borrador de estatutos, como os estatutos de calquera asociación, cultural, de veciños ou deportiva. A única diferenza é que os membros, en vez de ser persoas físicas, son concellos. Polo tanto, réxese pola Lei xeral de asociacións.

Establécese unha presidencia rotatoria. Cada certo tempo cambia de concello e serán os técnicos do concello, ben, iso é algo que non saben, os que dalgunha maneira a dirixan, ou a leven, pero non se di nada de como se van definir as funcións básicas, que son as de tesourería e secretaría. No borrador esas funcións son desenvolvidas polos propios políticos, o que é algo que choca un pouco.

Todo isto xerou entre eles graves dúbidas, sobre todo por como se vai levar á práctica o día a día da asociación, e a razón pola que dalgunha maneira decidiron sacar o tema da comisión informativa, foi o informe de fiscalización de Intervención, onde se especifica que se debe ter en conta que tanto as

funcións de secretaría como as de tesourería deberían ser desempeñadas por funcionarios con habilitación nacional.

2ª Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, explica que a segunda pregunta, que era a que ía dirixida, polo tema de Noutroira, ao concelleiro de Cultura, loxicamente a retiran, porque xa lles deu as explicacións pertinentes, pero si pedirle que mañá poña a carne no asador, como adoita dicir el, e que lles entreguen a documentación.

Cando son as vinte e dúas horas e trinta cinco minutos, reincorpórase á sesión o señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, pasando novamente a presidir a sesión.

3ª Á vista do flagrante incumprimento por parte do BNG da Ordenanza reguladora de limpeza viaria e ornato público de Cambre, como consecuencia da súa pegada de carteis, entre outros lugares en marquesiñas de autobús, caixas de electricidade, portas e paredes de edificios ou terreos privados, actuación expresamente prohibida pola dita ordenanza, tipificada e sancionada como infracción moi grave nela, o señor alcalde de Cambre, a requirimento do Grupo Municipal Popular, informou nas comisións informativas do pasado día 23 de marzo, fronte á súa reiterada negativa a abrir expediente sancionador ningún, que *“se pasou toda a información ao Departamento de Urbanismo para que a analicen e se abran dilixencias se o consideran oportuno”*, o que foi refrendado polo concelleiro de Urbanismo, Sr. González Leirós, para quen *“se lle trasladou aos técnicos e están a estudalo. Serán eles os que tramitarán o correspondente expediente se resulta necesario.”*

Transcorrido un mes dende as ditas respostas e sendo evidente como tanto o incumprimento da ordenanza, como a necesidade de aplicar o réxime sancionador previsto nela para os casos de incumprimento, o Grupo Municipal Popular pregunta ao concelleiro de Urbanismo sobre os avances na tramitación do mencionado expediente administrativo sancionador no último mes.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que os técnicos municipais, cando se lles deu traslado do rogo, o que pediron foi todo o acordo, todo o asunto que se tratou no pleno, era o razoable. Pasóuselles o acordo, por parte de Secretaría, non lembra agora cantos días foron. Preguntoulle ao funcionario responsable como estaba este asunto, e este díxolle que estivo atendendo a asuntos que estaban previamente constituídos, e que el nun principio, a non ser que lle dean ordes distintas, e el como concelleiro non llas ten dado, actúa segundo o procedemento administrativo, é dicir, o que ten entrado antes é antes, e o que ten entrado despois é despois, que é o como ten que actuar.

Explica que el non lle ten dado celeridade porque entende que é un asunto que ten causa, por suposto, que é interesante, pero que hai outros que tamén teñen causa e teñen o mesmo dereito. O funcionario xa lle ten botado unha ollada, e comprometeuse a que a vindeira semana tería formuladas as resolucións, que serán sobre ambos expedientes, porque hai dúas propostas, unha denuncia respecto do BNG polo PP, e outra á inversa. Xa di que o técnico se comprometeu a ter a semana que vén, polo menos, as primeiras resolucións ou os informes avanzados.

Conclúe dicindo que agarda que cumpra e, se non o fai, el mesmo llo requirirá.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/97 o día 24 de abril de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Unha vez coñecido o resultado da auditoría encargada polo Goberno municipal para a medición das emisións radioeléctricas das antenas de telefonía móbil do noso concello, obtemos dúas conclusións basicamente. Por unha banda, sabemos que a metade aproximadamente das antenas non contan coa debida licenza municipal e, por outra banda, que as medicións dan como resultado que ningunha das antenas do concello supera os niveis de emisións permitidos pola lei.

Entendemos que en relación coas licenzas o concello deberá poñerse en contacto coas compañías para que presenten a documentación necesaria e poder outorgar a dita licenza, algo que se teñen a ben agradeceríamos informaran aos presentes.

En relación coas medicións, o noso grupo fórmulase a seguinte pregunta:

A auditoría realizada foi feita de xeito que as compañías non sabían que se facían as medicións ou pola contra hai que avisar ás compañías no momento e día no que se fan as medicións das antenas?

O señor alcalde contesta que as medicións se fixeron sen avisar a ningunha das compañías. A empresa fixo un estudo de onde había antenas, e despois fixeron as medicións. Primeiro detectaron as antenas, algunhas non se sabía nin que existían. Dende o Departamento de Urbanismo xa se puxeron a traballar para requiririlles que soliciten as pertinentes licenzas e que paguen as taxas, como todo o mundo.

En canto á pregunta en concreto, reitera que non se avisaron ás compañías.

2ª Tendo en conta as queixas e defectos que se detectaron na tempada pasada de roza, e tendo en conta que a empresa adxudicataria foi expedientada no seu momento. Poden explicar como van a mellorar o método de poda e roza para esta tempada 2017?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos, contesta que a idea é facelo con medios propios. Despois do fracaso total que, como todos saben, foi a última empresa que estivo realizando o servizo, houbo unha convocatoria para sacar unha listaxe de operarios, a presentación de candidaturas cre que rematou a semana pasada, se non se equivoca. Farase a selección durante o mes de maio, e de aí sairán as persoas que se van dedicar a facer a roza.

Como hai unha lei do Goberno Central que non permite facer unha contratación definitiva, fíxose unha convocatoria por acumulación de tarefas, o que lles permitirá ter a esas persoas uns 6 meses, o que máis ou menos cubrirá a mesma tempada que facía a empresa de roza facendo a primeira poda e máis a segunda media corta de últimos de ano.

3ª A falta de seguridade viaria na estrada AC-214 á altura de Pravio segue a ser un problema no noso concello pola cantidade de tráfico pesado que soporta como consecuencia dos intentos de evitar os atascos na N-VI e as retencións na entrada da Coruña. Debemos ter en conta que a titularidade desta estrada é autonómica e que coa dotación do PAI 2015 se fixeron melloras na zona materializadas en sendas peonís, aparcadoiros e beirarrúas. Aínda así esta estrada segue a ser perigosa e debería seguir sendo unha prioridade para o Goberno a garantía da seguridade viaria nesta zona.

Poden informarnos das conversas e xestións que o Goberno de Cambre leva a cabo coa Xunta de Galicia e, se é o caso, o resultado e estado delas?

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta que, como dixo o señor concelleiro ao ler o rogo, é competencia da Xunta. Fixéronse melloras, para facer beirarrúas en ambos lados, e quedou un anaco sen elas. Estanlle pedindo á Xunta que faga ese anaco para poñer nel un paso de peóns.

Por outra parte, polo que lle informou a Policía, neste treito nos últimos anos non houbo ningún tipo de accidente. O único que ten é o tema do transporte pesado, os camións que veñen de Sabón e van ao polígono do Espírito Santo. Cren que a única solución é que se faga a vía Ártabra xa, é a única solución que hai para iso. Non hai outra.

Pregunta de C's presentada por escrito

Registrada de entrada ao núm. 999/94 o día 22 de abril de 2017, xunto co rogo presentado para este pleno.

Única. Na contorna do encoro de Cecebre, límite con Orto, atópase un sinal de benvinda cuberto de maleza e con pintadas que dana a imaxe do Concello de Cambre nunha paisaxe de tan enorme beleza (acompañamos fotos). Temos enviado a incidencia á app de avisos de Cambre porque a consideramos de grande utilidade se é efectiva. Dende o Servizo de Obras pedíusenos que concretáramos a localización do sinal, pois debeu producirse algún fallo de índole técnico e non dispoñían da localización exacta. Respondemos á mensaxe dando datos máis concretos e agardamos que pronto se leve a cabo a súa limpeza, aínda que entendemos que haberá avarías ou incidencias que requiran máis urxencia.

Pola nosa parte a experiencia do funcionamento da app foi satisfactoria, non obstante formulamos ao Goberno a seguinte pregunta:

Que valoración fan da app respecto do seu uso, participación dos cambreses, axilización nas reparacións... en resumo, cal é a experiencia da súa breve posta en funcionamento?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos, contesta que a app de Servizos publicouse o 3 de marzo, aínda non chega aos dous meses, e ata o momento recibíronse sobre 600 incidencias, e quedan pendentes sobre 170. A valoración é boa e o realizado está ao redor do 70%.

Toma a palabra o señor alcalde quen manifesta que, antes de finalizar o pleno, quería facer unha mención especial, e cre que nisto estará de acordo con toda a seguridade toda a Corporación, quere comunicar a felicitación que por parte da Deputación se fixo de forma expresa a Juncal Capín Fonseca polo seu labor na implantación e seguimento da administración electrónica no Concello de Cambre, constando xa na Deputación como e-responsable. Di que quere poñer en coñecemento esa felicitación por parte da Deputación e cre que por parte de toda a Corporación tamén.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia